

X ASEMBLEA XERAL DA FEGAMP

Santiago de Compostela, 29 de Novembro de 2019

TRANSFORMACIÓN DIXITAL NO PODER LOCAL

A sociedade actual, inmersa na cuarta revolución industrial, enfrenta un futuro marcado por tres tendencias que xa están a producir unha ruptura brusca xerando un cambio determinante. Estas tendencias que revolucionaran o mundo tal e como coñecemos son a perentoria
5 necesidade de protexer o planeta, os novos aspectos socio-demográficos e a tecnoloxía.

As tendencias medioambientais relacionadas tanto coa sostibilidade das actividades económicas e sociais como coa emisión de gases de efecto
10 invernadoiro van a marcar pautas de futuro. Por unha banda a necesidade de camiñar cara a economía circular e por outra a descarbonización.

As tendencias socio-económicas e os cambios demográficos fundamentais na sociedade actual, lonxe de levar o proceso lento que as caracterizaba
15 véñense afectadas polas novas xeracións dixitais que as aceleran de xeito radical. Irrompen tamén a economía colaborativa, o cambio demográfico, a personalización de produtos e servizos e os hábitos de vida e consumo saudables.

Atopámonos así mesmo cunha desmotivación a respecto dos procesos democráticos. A cidadanía séntese pouco representada e, a vez, chéganlle poucos estímulos para ilusionarse con esa representación. Os concellos,

20 como administración máis próxima á veciñanza, son a súa voz, e esta ten
que ser habitualmente consultada. O cambio de paradigma económico,
laboral e social, provocado polas tecnoloxías disruptivas, pode xerar
tensión e sensación de inseguridade. Esta situación pode favorecer á
manipulación, que é un dos puntos máis febles da democracia e que é
25 necesario controlar.

A masiva utilización por parte da cidadanía das redes sociais e as
aplicacións de mensaxería instantánea, dotan a estes medios de grande
poder e capacidade para facer chegar as mensaxes. Mentiras camufladas
como novas, vídeos falsos e manipulacións de todo tipo poñen en risco
30 unha verdadeira democracia. Ante isto é preciso transparencia e
interacción. O alcance do dano pódese amortecer si se establece unha
política de comunicación transparente, que enganche ao público e nos
protexa de posibles mentiras. A transparencia debe guiar a labor dun
gobierno local que ten que ser accesible a toda a veciñanza a través de
35 espazos permanentes de información, participación e colaboración.

Quizais o tema máis preocupante da transformación dixital, coa robótica e
a intelixencia artificial entre outras tecnoloxías, sexa a influencia que terá
sobre os modelos de negocio e consecuentemente sobre o emprego. Catro
de cada dez empresas desaparecerán en 5 anos se non se adaptan.
40 Modelos de negocio que tiñan unha media de vida de vinte anos pasarán a
tela de 20 meses. Solo o 1% dos traballos de principios do século XX
mantense. A OCDE calcula que o 80% de tipoloxías de traballo están en
perigo de extinción. Segundo un estudo de PwC, en 2033 contratarase
fundamentalmente por proxecto (on-callwork), e a nova Estratexia de
45 Emprego da OCDE xa afirma que a Administración necesita empeñarse
cada vez máis en axudar aos traballadores e empresas a adaptarse ao
mundo laboral, que vive un proceso de cambio acelerado. A Administración
local ten un importante papel que xogar tanto na formación de persoas e

empresas locais como na orientación e tutelaxe nos camiños a seguir na
50 adaptación.

É preciso fomentar a ciberseguridade nos propios concellos que teñen que
estar altamente concienciados neste problema. É tarefa ineludible detectar
ataques e responder, tendo claro que o obxectivo dos ciberdelinquentes
non é soamente os cartos xa que o botín pode consistir tamén en cousas
55 máis valiosas como poden ser os datos persoais e/ou a modificación dos
mesmos, tendo aquí a administración unha responsabilidade enorme como
garante da protección da confidencialidade dos datos dos administrados.

Por outra banda a Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público facilita a
presentación das grandes empresas a concursos mesmo os de contratos
60 menores en detrimento das empresas locais que non poden competir nin
administrativa nin economicamente. Prexudica pois ao comercio local e con
elo a veciñas e veciños aumentando ademais a complexidade das
tramitacións até límites que poden provocar a paralización dun concello ou
a monopolización do tempo dos traballadores en tarefas administrativas en
65 detrimento de servizos para as persoas.

A deficiente conectividade á Rede e a exclusión financeira no noso rural
agrava o problema da Galicia baleirada, sendo preciso tomar medidas para
atallar estes problemas que, entre outros, impiden a fixación da poboación
no rural e a posta en valor do mesmo mediante a súa explotación
70 axeitada. Evidéncianse como factores de risco o peche de entidades
bancarias nos concellos ou a falla de formación nas habilidades dixitais de
parte da poboación, sobre todo no rural.

En relación co exposto, no eido da Transformación Dixital, propónse á
Asemblea Xeral para a súa aprobación as seguintes

75

RESOLUCIÓN

Primeira.- Recomendar a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos, así como o establecemento de axudas e subvencións para o desenvolvemento de instalacións de autoconsumo eléctrico.

80 **Segunda.**- Recomendar a aprobación de bonificacións no IVTM para aqueles vehículos de etiqueta "0" ou "ECO".

Terceira.- Impulsar a reconversión das oficinas de rexistro en puntos de atención á veciñanza con asesoramento na realización de trámites dixitais a quen non teña coñecementos e/ou medios, demandando o financiamento necesario.

85 **Cuarta.**- Apoiar o cambio cara a unha economía eficiente no uso dos recursos que teña como consecuencia un crecemento intelixente, sostible e integrador segundo o concepto de Economía circular.

90 **Quinta.**- Impulsar o establecemento de criterios de sostibilidade na adquisición de bens e servizos que contribúa ao desenvolvemento dunha nova industria e comercio de produtos respectuosos co medio ambiente.

Sexta.- Reclamardas administracións competentes que adopten medidas para que os operadores de telecomunicacións dispoñan de conexións sen fíos para o rural nas mesmas condicións económicas e de prestacións das que se dispón con fíos no ámbito urbano.

95 **Sétima.**- Traballar cara a unhas cidades e un rural intelixentes (Smartcities e Smart rural) coa instalación de sensores para a xestión municipal - auga,

ruído, calidade do aire, outros datos medioambientais, transporte público, aparcamentos, tráfico, ...

100 **Oitava.**- Promover o desenvolvemento de Sistemas de Xestión Medio Ambiental baseados na sensorización nos servizos municipais e nas empresas que prestan os seus servizos para a Administración Local, cón fin de garantir maiores niveis de eco eficiencia.

Novena.-Establecer medidas que atallen a **exclusión financeira** ou a incapacidade de acceder aos servizos financeiros básicos de xeito acaído.

105 **Décima.**- Potenciar os servizos de normalización lingüística dos concellos, promovendo actuacións concretas que contemplan esta Normalización en todas as actividades da vida municipal e social, incluíndo a utilización da nosa lingua nas aplicacións informáticas e o publicado nas webs municipais.

110 **Undécima.**- Recomendar ás Entidades Locais o establecemento das canles efectivas para a participación veciñal nos asuntos da vida pública local cara a unha democracia participativa, entre as que se atopan o deseño duns Orzamentos participativos.

115 **Duodécima.**- Promover a posta a disposición das entidades locais, que o demanden, do apoio necesario para cumprir coas obrigas de Transparencia.

120 **Décimo terceira.**- Recomendar o cumprimento coas obrigas de publicidade activa, publicando toda aquela información sobre a propia institución local e a súa organización, así como da planificación. Tamén de aspectos xurídicos como regulamentos e ordenanzas, e de relevancia e

repercusión económica, orzamentaria e mesmo estatística. Os contratos, convenios, subvencións, orzamentos, contas, entre outros, deben ser publicados e coñecidos.

125 **Décimo cuarta.**- Recomendar o cumprimento das obrigas de acceso á información pública, así como a colaboración coa Comisión de Transparencia de Galicia.

130 **Décimo quinta.**- Recomendar a posta a disposición da cidadanía de cartas de servizo nas que se informe dos servizos e subvencións que se prestan, dos compromisos na prestación, dos trámites básicos de cada procedemento administrativo municipal, así como dos dereitos da veciñanza en relación con eles.

135 **Décimo sexta.**-Os recursos públicos, económicos e de todo tipo dunha entidade, débense utilizar cunha eficiencia máxima e ser controlados coidadosamente. Neste apartado de transparencia non podemos obviar a participación veciñal na labor de goberno.

140 **Décimo sétima.**-. Apoiar a coordinación e implantación de ferramentas conducentes a adopción plena por todos os concellos de Galicia da administración electrónica que os comunique con todos os galegos e galegas e o resto das administracións (interoperabilidade), facilitando a realización telemática de todos os procedementos administrativos.

Décimo oitava.- Solicitar, como indispensable, a colaboración da Xunta de Galicia, non só como coordinadora de procedementos senón tamén como base de apoio para aquelas entidades que non dispoñan dos medios nin dos coñecementos precisos para levalos a cabo.

145 **Décimo novena.-** Seguir a traballar na colaboración da Fegamp coa Xunta
de Galicia no mantemento e potenciación das Aulas CeMIT para a
formación e alfabetización dixital de persoas e empresas locais, así como
tamén nas plataformas de licitación electrónica (LeAL), de
intercomunicación administrativa e coa poboación (Eido Local), de
150 ordenanzas tipo de adaptación ás novas normativas tecnolóxicas e de
xornadas de posta en común de experiencias, debate e formación, entre
outras moitas actuacións en común.

Vixésima.- Fomentar o establecemento de medidas tendentes a
implementación de protocolos de seguridade e formación do persoal, que
155 protexan toda a información propia do concello e da veciñanza, dado que a
Ciberseguridade é un asunto fundamental.

Vixésimo primeira.- A Fegamp realizará cursos, xornadas e foros TIC
dirixidos tanto ao persoal municipal, como aos cargos electos. Así mesmo
colaborará con outras administracións para realización de actuacións
160 informativas e formativas sobre utilización das novas tecnoloxías entre a
veciñanza, mantendo e reclamando a súa ampliación á máis concellos dos
centros CeMIT.

Vixésimo segunda.- Promover entre os concellos a utilización de software
de código aberto e a emisión de documentos en formatos libres. Así
165 mesmo colaborarase coa Xunta en todos aqueles proxectos tendentes a
súa implantación.

Vixésimo terceira.- Demandar das Administracións competentes,
colaborando activamente con elas, o completo desenvolvemento das
infraestruturas de telecomunicación de todo tipo. O despregamento total
170 da banda larga en todos os recunchos de Galicia sigue a ser un obxectivo.

Vixésimo cuarta.- Demandar das administracións competentes a plena cobertura e adaptación a novos criterios de emisión da Televisión Dixital Terrestre. Promover a homoxeneización de todas as infraestruturas actuais que ademais precisan a adaptación aos continuos cambios no espectro.

175 **Vixésimo quinta.**- Recomendar a elaboración de plans integrais de tendido das instalacións de todo tipo cara a contar cunhas infraestruturas planificadas, separadas e ben cartografadas, aproveitando a instalación de novos canais para a habilitación dun espazo que permita novas canalizacións sen o levantamento de rúas e beirarrúas.

180 **Vixésimo sexta.**- Traballar para establecer canles de mediación coas operadoras de enerxía, telefonía e outras, que superen a actual de imposición das súas condicións na xestión das instalacións e prestación de servizos.

185 **Vixésimo sétima.**- Traballar para establecer canles efectivas e operativas con persoas responsables territoriais das operadoras de enerxía, telefonía e outras, que permitan o tratamento personalizado das casuísticas que afecten a cada entidade local, e ao tempo instar á Xunta de Galicia á redacción dunha nova normativa que obrigue a estas operadoras a establecer estas canles de comunicación directa entidade local-operadora.

190 **Vixésimo oitava.**- Reclamar que os concellos teñan unha participación na taxa de uso do dominio público radioeléctrico previsto na Lei de Comunicacions.

195 **Vixésimo novena.**- Traballar en colaboración con outras entidades para que todos os concellos de Galicia dispoñan dun Delegado de Protección de Datos, figura obrigatoria establecida pola Lei Orgánica de Protección de



Federación Galega de Municipios e Provincias

Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e o Regulamento Europeo Xeral de Protección de Datos.